

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE NOVEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:10 horas do día 5 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 31 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 4)
D. José Ángel Lago Figueiras (asiste ao punto 5a)
D. Alfonso Berros Pérez (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Lote 1		Lote 2		
	Redución do prezo	Tempo resposta	Redución do prezo	Prezo hora asist. técnica	Tempo resposta



	Licitador	Lote 1		Lote 2		
			incidencias		usuarios auditorio en calquera horario	ante incidencias
1	APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO, S.L.	40.075,20	1h	34727	45€ prezo 1ª hora incluído desprazamento 12€ prezo de cada hora a partir da 1ª	1h
2	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS	41.486,16	2h	35.829,16	31,40€ prezo 1ª hora incluído desprazamento 18,21€ prezo de cada hora a partir da 1ª	2h

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica/apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (TERMOCALOR VIGO, S.L. e MEDANCLI, S.L.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento prazo garantía (mínimo 2 anos)
1	TERMOCALOR VIGO, S.L.	60.829,49	36
2	MEDANCLI, S.L.	66.499,43	12



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada por ambos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 10 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BAYGAR, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4 da LCSP):

Acreditación da constitución garantía definitiva



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., o día 11 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 19 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou requirir ao licitador a presentación do aval orixinal. O requirimento formulouse o 29 de outubro e a documentación foi presentada o 31, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de novembro de 2018 comprobou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BAYGAR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BAYGAR, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 21 de setembro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BAYGAR, S.L. o procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250) por un prezo total de 61.568,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.685,43 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 5% a aplicar tanto aos prezos unitarios relacionados no anexo do PPTP como aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPTP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LOTE I "Apoio técnico"		PUNTUACIÓN	
Licitadores		TOTAL	
ATELIER SOCIAL, S.L.		80,07	
ATLANTIC PONTE 2000		79,40	
LOTE II "Formación voluntarios e entidades"		PUNTUACIÓN	
Licitadores		TOTAL	
ATELIER SOCIAL, S.L.		85,22	
XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL		82,01	
PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY		66,01	

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, ATELIER SOCIAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ATELIER SOCIAL, S.L., o día 19 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATELIER SOCIAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ATELIER SOCIAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 de setembro e 4 de outubro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ATELIER SOCIAL, S.L. o lote 1 “Apoio técnico” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) por un prezo total de 66.722,24 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.579,89 euros, e coas seguintes condicións:

- a) *Propón un incremento de horas de apoio técnico de 150 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 10 do PPT).*
- b) *Propón 2 campañas en medios offline (radio, televisión ou prensa local) dirixidas ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos indicados no apartado 7B das FEC do PCAP.*
- c) *Propón 7 campañas en medios online (facebook ADS, Twitter ou Youtube) dirixidas ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos indicados no apartado 7B das FEC do PCAP.*

“Adxudicar a ATELIER SOCIAL, S.L. o lote 2 “Formación voluntarios e entidades” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) por un prezo total de 24.587,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.267,20 euros, e coas seguintes condicións:

- a) *Propón un incremento de horas de formación presencial de 20 horas (a maiores do mínimo de 80 horas), das que 15 horas serán para voluntarios e 5 horas para entidades.*
- b) *Propón un incremento das horas de formación en liña de 5 horas (a maiores do mínimo de 20 horas), das que 5 horas serán para voluntarios.*
- c) *Propón 1 campaña de fomento da formación do voluntariado dirixida á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais.*
- d) *Propón 4 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)

Dáse conta da documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA, S.L., o 2 de novembro de 2018, dentro do prazo concedido.

A Mesa comproba que documentación presentada é correcta, soamente falta a declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do PCAP (Anexo VI). Non formando parte esta documentación da esixida polo artigo 150.2 da LCSP para a adxudicación do contrato, a Mesa acorda conceder ao citado licitador un prazo de tres días para a súa presentación e formular igualmente a proposta de adxudicación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	A BILLARDA S.L.	87,40



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2	MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.	74,70
---	---	-------

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA, S.L., o día 19 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 2 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, soamente falta a declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 29.11 do PCAP (Anexo VI). Non formando parte esta documentación da esixida polo artigo 150.2 da LCSP para a adxudicación do contrato, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder ao citado licitador un prazo de tres días para a súa presentación e propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar A BILLARDA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por A BILLARDA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 19 de setembro e 8 de outubro de 2018, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a A BILLARDA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 39.131,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.791,40 euros.*
- b) Comprométese a impartir dúas charlas ao longo do curso sobre hábitos de vida saudables para as persoas maiores.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 11:58	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA241-5A593A-C1CBC6-KGXPVR-KBN5XB-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		